



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21 da vixente Lei de Bases do Réxime Local 7/1985, do 2 de abril,

RESOLVO:

Convocar sesión extraordinaria da Corporación Municipal para o día 13 de setembro de 2016, ás 20:00 horas, solicitada polo Partido Popular, para tratar os seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

- 1º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/6607 de data 29/07/2016, para debater no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal sobre a solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra a que cambie varios criterios do decálogo de actuacións nas vías provinciais.**
- 2º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/7038 de data 17/08/2016, para debater no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal sobre a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) e modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).**
- 3º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/5268 de data 16/06/2016, para debater no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal sobre o compromiso que debe asumir a Deputación Provincial de Pontevedra na colaboración coa Xunta de Galicia e o Concello de Ponteareas paa reparar os danos producidos polo temporal do pasado mes de febreiro.**
- 4º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/6673 de data 02/08/2016, para debater no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal sobre dotar dunha partida económica, vía modificación orzamentaria, para a recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 do persoal dos funcionarios municipais.**
- 5º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/6810 de data 06/08/2016, para debater no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal co fin de instar á Deputación Provincial de Pontevedra a que tome as medidas precisas sobre distintas cuestións relativas ó castelo do Sobroso, como a falta de limpeza e desbroce da rede viaria do parque, o estado de abandono do parque e áreas recreativas, tamén a elaboración dun Plan Director para a súa xestión integral.**
- 6º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/5269 de data 16/06/2016, para debater no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal sobre a financiación que debe asumir a Deputación Provincial de Pontevedra coa Ruta do Viño Rías Baixas como instrumento de suma de sinerxías entre empresas, asociacións e diferentes entidades públicas e privadas a través das cales, se ofrece ó visitante a posibilidade de disfrutar dos mellores viños Rías Baixas, visitando adegas, museos do viño, vinotecas, monumentos, festas populares ou espazos naturais vencellados todos eles ós viños Rías Baixas.**



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

7º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/5921 de data 06/07/2016, para debater no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal sobre a solicitude de reprobación e dimisión do Concelleiro do Partido Socialista e responsable da área de Comercio, Mario Lago Moriña.**

8º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/6809 de data 06/08/2016, para debater no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal a COMPARECENCIA da Concelleira de Turismo para que dea diversas explicacións relativas á oficina de turismo de Ponteareas: incumprimento co convenio asinado polo Concello no ano 2000, peche parcial da oficina, nula colaboración da Concellería de Turismo cos responsables da oficina...**

9º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/5920 de data 06/07/2016, para debater no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal a COMPARECENCIA do Alcalde ou do Concelleiro de Medio Rural para que expliquen as principais notivacións polas que non hai unha planificación para o desbroce e limpeza da rede viaria municipal, parques municipais, áreas recreativas, etc. e que a estas alturas estean maiormente sen desbrozar, ou se algo se limparon, os montóns de lixo e matogueiras de desbroce quedan depositadas no mesmo lugar.**

10º) **Comparecencia con número de Rexistro de Entrada 2016/7300 de data 26/08/2016, para que a concelleira de Cultura e Turismo dea explicacións no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal sobre distintas cuestións relativas á celebración do Corpus Christi 2016.**

11º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/6921 de data 11/08/2016, para debater no pleno Extraordinario da Corporación Municipal sobre o mantemento do Estado das Autonomías.**

12º) **Moción con número de Rexistro de Entrada 2016/5922 de data 06/07/2016, para debater no Pleno Extraordinario da Corporación Municipal a COMPARECENCIA do Sr. Alcalde para que dea explicacións oportunas sobre a instalación da placa do Parque Ferro Ucha.**

Mandao e asinao o Sr. Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas trinta e un de agosto de dous mil dezaseis.

Ante min
Secretaria xeral,

